



Libro do peregrino  
A Franqueira 2018  
“Consagrados a María”  
XXX Aniversario da Consagración

## Peregrinos da Franqueira

Este sinxelo material quere ser un servizo de oración e reflexión para os peregrinos e peregrinas que neste ano se encamiñan ao Santuario da Franqueira e, así, renovar a fe, afianzar a esperanza e ser constantes na caridade.

Propoñemos estas lecturas breves do Evanxeo. Serán a base para a oración ao achegarte á imaxe da Virxe da Franqueira. Neste ano conmemórase o 30 aniversario en que o Bispo da nosa Diocese naquel momento D. Xosé Cerviño puxo baixo a protección da Nosa Señora a todos os que formamos esta Igrexa que peregrina neste recuncho de Galicia. Hoxe convidamos a dar un paso máis. Queremos que cada un de nós fagamos un acto de consagración, nacido no bautismo, á Nosa Naiciña. ¿Que é consagrarse? Entregarnos como cristiáns a unha misión, a unha tarefa: ser mellores fillos. Poñer nela o noso corazón. Deixarse guiar polo seu exemplo. Ampararse baixo o seu manto. Que os que vimos en peregrinación á Franqueira sexamos homes e mulleres crentes de fe renovada, alegría desbordante, caridade activa, oíntes contemplativos da Palabra de Deus. Por iso poñemos un camiño.

Le, medita, ora no teu corazón estes tres momentos da vida da Virxe María que se recollen no Evanxeo. Fainos teus, dialoga co Señor da man da Virxe. Fai este camiño polo teu interior.

## Deus chama. Responde

Comezamos co momento en que Deus a chama a ser a Nai de Xesús. ¿Descubro a chamada que Deus fai na miña vida?. María non reservou nada, entregouse, consagrouse a ser nai e o realiza coa confianza no amor.

### **Do Evanxeo segundo Lucas**

**Os seis meses, Deus mandou o anxo Gabriel a unha vila chamada Nazaret, onde unha mociña prometida a un home da casa de David, que se chamaba Xosé; o nome da mociña era María.**

**Entrando onde estaba ela, díxolle:**

**-Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo.**

**Ela turbouse con estas palabras, cavilando no que podería significar o saúdo aquel. O anxo continuou:**

**-Non teñas medo, María, porque ti atopaches graza ante Deus; e, fíxate, vas concibir no teu ventre e darás á luz un fillo, ó que lle poñerás de nome Xesús. Será grande e chamarase Fillo do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David, seu pai; reinará por sempre na casa de Xacob, e o seu reinado non terá fin.**

**María respondeulle ó anxo:**

**-¿E como pode ser isto, pois eu son virxe?**

**O anxo replicoulle:**

**-O Espírito Santo baixará sobre ti e o poder do Altísimo cubrirate coa súa sombra; por iso o que vai nacer de ti será santo e chamarase Fillo de Deus. Aí tes a túa curmá Isabel, que concibiu un fillo na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaban estéril, que para Deus non hai imposibles.**

**María contestou:**

**-Velaquí a escrava do Señor: cúmprase en min o que dixeches. E o anxo marchou de onda ela.**

## Déixate guiar

O consello de María “facede o que Xesús vos diga” é tamén para nós, discípulos de Xesús. ¿Coñezo a Palabra do Señor? ¿Ábrome á esperanza de que El ten ansia de transformar este mundo da tristura á ledicia?

### **Do Evanxeo segundo Xoán:**

**O terceiro día houbo un casamento en Caná de Galilea, e estaba alí a nai de Xesús. 2Tamén foi convidado Xesús e mais os seus discípulos ó casamento. Chegou a faltar o viño e a nai de Xesús díxolle:**

**-Non che teñen viño.**

**Replicoulle Xesús:**

**-Muller ¿que ten que ver iso comigo e contigo? Aínda non chegou a miña hora.**

**Súa nai díxolles entón ós servidores:**

**-Facede o que el vos diga.**

**Había alí seis tallas de pedra para as purificacións dos xudeus, que levaban ó pé de cen litros cada unha. E ordenoulles Xesús:**

**-Enchede de auga as tallas.**

**Eles enchéronas de todo.**

**Díxolles entón:**

**-Collede agora e levádelle a proba ó mestresala.**

**Eles levárona. E, cando o mestresala probou a auga volta viño, sen saber de onda viña (os servidores si que o sabían, que eles colleran a auga) falou co noivo e díxolle:**

**-Todo o mundo pon de primeiras o viño bo e, cando xa están bébedos, o máis cativo; ti, en troques, deixáche-lo viño bo para agora.**

**Foi así como fixo Xesús o primeiro dos signos en Caná de Galilea; manifestou a súa gloria, e creron nel os seus discípulos.**

## Deixatc amar por Xesús e ama a María

A Vida da Virxe María chega ao seu cumio de entrega no amor. Ela, consagrada á maternidade, acolle ser a nai de todos os discípulos. Na cruz de Cristo está o amor de Deus por ti. Ti es o discípulo a quen confía a súa nai. Acóllea como túa.

### **Do Evanxeo segundo Xoán:**

**O pé da cruz de Xesús estaban súa nai e a irmá de súa nai, María a de Cleofás, e mais María a Magdalena. Xesús, vendo a súa nai e, onda ela, o discípulo a quen amaba, díxolle á nai:**

**-Muller, velaí o teu fillo.**

**Despois díxolle ó discípulo:**

**-Velaí a túa nai.**

**Desde aquela hora o discípulo acolleuna con el.**

## ¶ chegada ao santuario

Antes de entrar fíxate na rúa que está diante do santuario. O chan ten uns círculos que van medrando do máis cativo ao que está aberto ao carón da igrexa. É a historia da Salvación, a historia da humanidade e da cada un. Non é pechado, senón aberto a entrar á casa de María. Aquí está a túa Nai. Tes neste caderno, na páxina 6 a oración de consagración, Reza con calma e entrégate.

Na páxina 9 tes o esquema para rezar pasando por debaixo da súa imaxe como é tradición. Non o fagas como un costume baleiro, nin como un xesto para so pedir. É un encontro dunha nai cos seus fillos.

*Con motivo de celebrarse os 30 anos da Consagración da nosa Diocese á Virxe da Franqueira, convidamos a todos os romeiros a facer súa esta oración diante da imaxe da Virxe*

**CONSAGRACIÓN DA DIOCESE Á VIRXE DA FRANQUEIRA  
D. Xosé Cerviño Cerviño, Bispo da Diocese de Tui-Vigo  
23 de xullo de 1988,  
XXV Aniversario da Coroación Canónica**

“Virxe da Franqueira, Raíña e Señora:

No monte Calvario, Xesús proclamou a túa maternidade espiritual. Somos fillos teus. Esa é a nosa honra e a nosa ventura.

No monte Paradanta nós queremos proclamarte hoxe, con toda a Igrexa, Raíña e Señora nosa. Sentímonos honrados de ser teus servidores. Por iso nos consagramos a Ti, ó teu Corazón de nai e Raíña.

A nosa consagración é unha renovación da consagración bautismal. Polo santo bautismo quedamos vencellados a Cristo, o Santo de Deus, o consagrado pola Unción do Espírito Santo. Tamén nós, elixidos agarimosamente por Deus Pai, fomos consagrados a El pola Unción do mesmo Santo Espírito. Hoxe renovamos a nosa actitude de entrega a Deus, querendo asemellarnos a Ti, que te proclamaches escravaña do Señor. Por iso nos consagramos a Ti e en Ti confiamos.


A Ti confiamos, María, as nosas persoas, a nosa vida, os nosos proxectos.

A Ti confiamos as nosas familias para que nos nosos fogares sexa amada e respectada a vida que comeza; para que se manteña a fidelidade dos esposos; para que , desde unha actitude de amor mutuo, se axude a vivir a vocación persoal de cada un dos membros da familia.

A Ti che confiamos os noso Sacerdotes e Seminaristas; as persoas consagradas ó servicio da Igrexa na vida Relixiosa; os homes e mulleres que, desde a súa condición secular, han de construír un mundo mellor, mais xusto e mais fraterno.

A Ti che confiamos os pobos da nosa Diocese: as pequenas aldeas, as vilas e cidades. Nelas érguense templos e ermidas dedicadas devotamente ó teu nome; nelas venéranse imaxes túas con tradición de séculos. Dende o mar ata ás altas montañas, nos vales e nas bocaribeiras, todos te proclamamos benaventurada e a Ti acudimos confiados na túa poderosa mediación.

Coa xente sinxela e piadosa que peregrina a este Santuario repetimos hoxe as cantigas de Romaxe:



Virxe da Franqueira  
que tes un Meniño,  
fainos levadeiro  
o longo camiño.

Raíña do ceo,  
fermosa e garrida,  
na hora da morte  
danos nova vida.  
AMEN. “

## Oración á Virxe da Fonte da Franqueira

Benaventurada Nai de Deus,  
venerada coa secular advocación  
de Nosa Señora da Fonte de A Franqueira:  
queremos manifestarche con toda confianza  
os desexos do noso corazón.  
A Ti acudimos, Nai boa,  
sabendo que escoitas as oracións dos teus fillos.



A túa imaxe de pedra  
lémbra-nos a fortaleza da túa fe,  
a seguridade da túa esperanza,  
a constancia do teu amor.  
Ver a Xesús no teu colo,  
tráenos á memoria que a túa vida estivo ó seu servizo.  
Fai que a Palabra do Evanxeo  
resoe sempre no noso interior  
para que saibamos recoñecer o paso de Deus pola nosa vida.

¡Nai-ciña! Sentímonos necesitados  
e renovamos diante de ti a nosa confianza.  
Axúdanos sobre todo a descubrir  
o que nos pide Deus noso Pai.  
Queremos, coma ti, ser felices  
cumprindo a súa vontade, animados polo Espírito Santo  
que nos fai recoñecer a Xesús como Salvador de todos.  
A El a gloria por séculos de séculos. Amén.



Para hacer oración al pasar por la imagen  
de la Virgen de A Franqueira

*Pasa en silencio. Déjate cubrir por la presencia de María,  
con la ternura de su manto. Déjate guiar por el ejemplo de su vida.*

**1ª**

Dios, Padre, tiene un proyecto: María, Madre del Salvador.

**“María contestó: He aquí la esclava del Señor;  
hágase en mí según tu palabra”**

Dile sí a Dios, confía.

Danos, María, la fortaleza de tu fe

**2º**

Cristo Jesús, camino, verdad y vida

**“María dijo a los sirvientes: Haced lo que Jesús os diga”**

Déjate cuidar por el que murió y resucitó por ti

Danos, María, la seguridad de tu esperanza

**3º**

El Señor te ama en su Espíritu

**“Jesús, en la cruz, dijo a su madre: Mujer, ahí tienes a tu  
hijo. Luego, dijo al discípulo: Ahí tienes a tu madre”**

Lléname de la bondad y la misericordia del Señor.

Danos, María, la constancia de tu amor

## Algúñas propostas para os romceiros e peregrinos

### Camiño de oración pola Franqueira

Hai uns cuantos lugares que, con tempo, poden ser visitados. Ademais do Santuario, centro da vida espiritual deste lugar, hai uns pedestais en distintos espazos para coñecer e facer un rato de oración. Neles atoparedes unhas folliñas de guía: O Coto da Vella e alí ao lado o Naveiro dos frades, o Vía Crucis e toda a paisaxe que o rodea; a Fonte da Virxe; a Antiga ermida; o Alto da Coroación.

### Centro de escoita

A Diocese acaba de abrir un centro de escoita para atender ás persoas que precisan dialogar sobre os problemas duros da vida: duelo polo falecemento dun ser querido, momentos difíciles na convivencia familiar e matrimonial. O teléfono de contacto é 627064918 ou no [centroescoita@diocesetuivigo.org](mailto:centroescoita@diocesetuivigo.org)

### Rede mundial de oración do Papa

Consagrados coa Virxe da Franqueira na oración queremos fundar un equipo de Rede Mundial de Oración do Papa. "La Red Mundial de Oración del Papa está al servicio de personas y grupos que, a lo largo y ancho del mundo en muy diversos países y diócesis, asumen la oración como una forma de apostolado y, en particular, acogen las Intenciones mensuales de Oración propuestas por el Santo Padre a la Iglesia, como tema o contenido de su oración personal, o grupal, colaborando de esta forma con la misión de la Iglesia de ponerse al servicio de los desafíos de la humanidad". Infórmate na nosa páxina web, anímate, participa.

[www.afranqueira.org](http://www.afranqueira.org)

[info@afranqueira.org](mailto:info@afranqueira.org) 986960496/ 609472591

[www.apostoladodelaoracion.com](http://www.apostoladodelaoracion.com)



## MISAS

MÉRCORES ÁS 6 DA TARDE, SÁBADO ÁS 6 DA TARDE

DOMINGOS ÁS 11 DA MAÑÁ E ÁS 5 DA TARDE

O día 8 de cada mes MISA SOLEMNE ÁS 12 DA MAÑÁ

Excepto en domingo que é as 11

MESES DE XULLO- AGOSTO: de luns a venres ás 8 da tarde

SETEMBRO: de luns a venres as 6 da tarde

**LAUDES:** 7,30 da mañá na Capela da Reconciliación

### EXPOSICIÓN DO SANTÍSIMO

Mércores ás 6,30 da tarde co rezo de vésperas

Domingo seguinte ao 8 de cada mes ás 6,45 da tarde

Último domingo de mes: Oración polos enfermos ás 6,45 da tarde

### CELEBRACIÓN DO SACRAMENTO DA RECONCILIACIÓN

Antes de cada Misa

**VISITA A ENFERMOS:** A disposición a calquera hora

**CARITAS INTERPARROQUIAL:** 2º e 4º luns ás 9,30 da mañá

**CORO:** Ensaio: Venres ás 7 da tarde

### Información:

986.69.79.68/ 609.47.25.91

[www.afranqueira.org](http://www.afranqueira.org)

[info@afranqueira.org](mailto:info@afranqueira.org)

